



# PLAN ANUAL CURSO ESCOLAR 2023-2024

(aprobación en Consello Escolar o 26 de setembro de 2023)



## PLAN ANUAL CURSO ESCOLAR 2023-2024

(Pendente de aprobar en Consello Escolar setembro de 2023 )

O Plan Anual para o curso escolar 2023-2024 elabórase tendo en conta o Plan Estratéxico aprobado para o período 2018-2022. Tamén se elabora a partir das conclusións da avaliación do Plan Anual do curso escolar 2020-2021 realizada nos órganos de coordinación académica e colexiados do centro: Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro de Profesoras e Profesores e Consello Escolar. Tamén se ten en consideración o Plan de Melloras 2019-2020 presentado ante a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Este Plan está determinado pola evolución e as instrucións sanitarias da Consellería provocadas pola crise da COVID-19, e, polo tanto, poderá ir mudando en base á evolución da pandemia tendo como premisa á volta á normalidade progresivamente.

En consecuencia, e como en anos anteriores, con todo o anterior propónse un Plan Anual no que destacamos dous ámbitos diferenciados. Dunha banda aquelas cuestións que afectan ao desenvolvemento institucional do centro pero que dependen na súa solución da implicación das administracións educativas, e da outra aquelas outras cuestións que dependen directamente da comunidade educativa.

No primeiro caso, e unha vez máis seguindo os acordos dos órganos colexiados e de coordinación didáctica da Escola, temos que destacar cuestións que serán trasladadas á administración educativa para os efectos oportunos:

1. A necesidade de mellorar e/ou aumentar os equipamentos, recursos e medios en función das actividades propias da Escola e doutras que cómpre potenciar en función da especificidade do centro, como a exhibición teatral interna e externa, propia e allea, como medio de contribuír ao desenvolvemento das competencias terminais do alumnado en cada especialidade.
2. A necesidade urxente de dar continuidade ao proxecto inicial en relación coa sede da ESAD, da que faltan dous edificios por construír. Os espazos dispoñibles para a realización de traballos de moi diverso tipo todos eles vinculados coa docencia e a aprendizaxe, ou coa investigación que demanda a lexislación vixente (Real Decreto 630/2010, artigo 4) resultan a todas luces insuficientes. Ademais de aulas prácticas, e espazos para o profesorado e o alumnado, cómpren equipamentos propios da tecnoloxía escénica, talleres de construcións de escenografías, obradoiros de deseño, obradoiros de construción de útiles escénicos, ou almacéns para actividades escénicas.
3. A necesidade de contar cos recursos humanos suficientes para o normal desenvolvemento das actividades nun centro que ofrece titulacións superiores equivalentes aos graos universitarios e integrado no Espazo Europeo da Educación Superior. Cómpre persoal de administración e servizos para atender as necesidades de Biblioteca, Creación e Producción, Tecnoloxía escénica, Mantemento, e Coordinación de servizos técnicos. Cómpre igualmente seguir contando con catro persoas para conserxería, dado que non se repuxo a praza que quedou vacante.
4. A necesidade de dispoñer dos recursos financeiros suficientes para o normal desenvolvemento das actividades. Existen necesidades derivadas da docencia de determinadas áreas como Prácticas de dirección de actores ou Prácticas de escenificación (que esixe a contratación de bolseiros), para servizos como Biblioteca, e para outras actividades de aprendizaxe como os Proxectos Fin de Carreira ou os traballos de creación escénica: escenografía, caracterización, indumentaria, iluminación...
5. A necesidade de equipamentos en moi diferentes áreas, desde a dotación técnica da Sala Pedra Seixa, un equipamento informático adecuado, dotación de recursos de iluminación e son en aulas prácticas ou dotacións específicas para aulas da especialidade de escenografía.
6. A transcendencia de contar con recursos tecnolóxicos suficientes para facer fronte a posibles situacións de docencia en réxime semipresencial ou non presencial, tanto nas aulas e outras



XUNTA  
DE GALICIA

ESCOLA SUPERIOR DE  
ARTE DRAMÁTICA  
DE GALICIA

esadg

dependencias do centro como na necesidade de realizar préstamos de material ao alumnado.

No segundo caso, consideraremos os resultados do segundo informe de seguimento que se enviou á ACSUG en febreiro de 2019, segundo o convenio asinado entre esta última institución e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. De todo iso derivan unha serie de eixos:

1. Trasladar ás autoridades académicas a necesidade de poñer en marcha os mecanismos necesarios para poder cubrir as necesidades que se expoñen nos apartados anteriores, do 1 ao 6.
2. Continuar a execución do Plan Estratéxico 2023-2028, naqueles ámbitos en que sexa posible.
3. Continuar a execución do Plan Dixital
4. Formular para o curso escolar 2023-2024 un conxunto de obxectivos fundamentais, que serían:
  - a) Potenciar a mellora permanente nos procesos de ensinanza e aprendizaxe, fomentando a mellora permanente na docencia das materias, e da coordinación didáctica entre estas a nivel de curso e de titulación, e o desenvolvemento de proxectos integrados.
  - b) Lograr a maior visibilidade e difusión posible para a oferta educativa do centro.
  - c) Potenciar a creación teatral asociada aos procesos de ensinanza e aprendizaxe e promover a súa visibilidade e difusión interna e externa.
  - d) Potenciar a creación de equipos de investigación, e fomentar o labor investigador do profesorado e do propio alumnado.
  - e) Potenciar os procesos de mobilidade de alumnado e profesorado, e da transición á vida activa do alumnado, prestando especial atención ao programa Erasmus Mundus.
  - f) Iniciar de maneira continuada as prácticas externas do alumnado.
  - g) Potenciar o funcionamento da Xunta de delegadas e delegados e da Delegación de alumnado.
  - h) Dar cumprimento a directrices varias das autoridades educativas sobre bibliotecas escolares, igualdade de xénero, prevención do acoso e do maltrato e da discriminación, igualdade de oportunidades...
  - i) Continuar o proceso de traballo que permita lograr nun prazo razoable de tempo a certificación FIDES-AUDIT.
  - j) Ampliar a oferta educativa do centro, mediante o deseño de estudos específicos de posgrao, máster e doutoramento, que necesariamente se terán que organizar en colaboración coa Universidade de Vigo.

En función do anterior, o Plan anual considera varias liñas de traballo, todas elas obrigadas por normativa oficial, que serían as que de seguida se explican:

**NECESIDADES DO CENTRO.** Traslado ás autoridades académicas, un ano máis, dun informe exhaustivo e xustificado sobre as necesidades do centro, atendendo aos parámetros antes sinalados.

**PREVENCIÓN DE ACOSO, ABUSO E DISCRIMINACIÓN E FOMENTO DA IGUALDADE.** Elaboración dun protocolo para que na Escola, como espazo de relación e convivencia, en ningún caso se produzan situacións de acoso, abuso e discriminación, e se fomente a igualdade en toda a amplitude do termo.

**PROMOCIÓN DA ESCOLA.** Trátase de lograr a máxima incidencia entre persoas susceptibles de seren usuarios dos servizos educativos que ofrece a Escola. A idea básica coa que debemos traballar é a de presentar a ESAD de Galicia como un lugar óptimo para estudar Arte dramática, mostrando as potencialidades



XUNTA  
DE GALICIA

ESCOLA SUPERIOR DE  
ARTE DRAMÁTICA  
DE GALICIA

esadg

dos nosos estudos en relación con áreas de exercicio profesional. Haberá que prestar atención aos seguintes ámbitos:



- Definir e realizar actividades estratéxicas: propaganda, xornadas telemáticas, encontros na rede...
- Política de comunicación interna e externa, dando conta das diferentes actividades e iniciativas docentro, a través tamén das redes sociais.
- Darlle a máxima proxección ás probas de acceso para o curso 2024/2025.
- Visibilidade dos traballos que se realizan na Escola a través da páxina WEB: clases, seminarios...

**PROCESOS DE ENSIANZA E APRENDIZAXE.** Debe ser un dos eixes fundamentais do traballo ao longo do curso para lograr o máximo grao de satisfacción do alumnado partindo de criterios de rigor, excelencia e responsabilidade por parte do profesorado e do alumnado. Debemos potenciar o rol dos titores/as e das reunións de equipos docentes para facer un seguimento da marcha do curso escolar. Hai que prestar atención aos seguintes aspectos:

- Afondamento na mellora permanente da docencia de cada unha das disciplinas que integran o currículo, o que redundará na mellora dos procesos de aprendizaxe.
- Promover a coordinación entre materias e áreas de coñecemento, a través de reunións periódicas doprocesado, coordinadas polo profesorado titor e a Xefatura de estudos.
- Potenciar a coordinación docente e intra- e inter- departamental, quer desde a Xefatura de Departamento ou da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Potenciar o labor das Xuntas de Titulación para articular proxectos de traballo que redunden na mellora permanente da docencia, da aprendizaxe, e da creación propia a un centro educativo.
- Promoción dos traballos de integración do facer e do saber, en 1º, 2º, 3º e 4º, a través de proxectos integrados entre materias, supervisados polos equipos docentes e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elaboración de materiais en rede, como apoio da aprendizaxe.
- Fomento da docencia telemática como complemento da docencia presencial e para atender alumnado non asistente.
- Promoción das titorías docentes telemáticas, sen que iso supoña a substitución das titorías presenciais.

**TRABALLOS DO ALUMNADO.** Potenciación das Mostras de Traballo e dos Traballos Fin de Estudos e convertelos nun marco de encontro entre creadores e espectadores que redunde en beneficio dos procesos de aprendizaxe e da cualificación profesional das tituladas e titulados, sempre en función do desenvolvemento dapanidemia. Tamén deben ser unha ocasión de convivencia de toda a comunidade escolar e, no caso do alumnado de cuarto curso, unha posibilidade de darse a coñecer como novos creadores e creadoras. As mostras e outras actividades estarán suxeitas ao desenvolvemento da pandemia.

**DOCUMENTOS DO CENTRO.** Prestarase especial atención ao Sistema de Garantía Interno de Calidade.

- Revisión anual do Manual de Calidade.



**USO DE INFRAESTRUTURAS E RECURSOS.** Cómpre continuar coa mellora dos mecanismos para un uso adecuado das instalacións, medios e recursos do centro, a través de protocolos áxiles pero que permitan garantir o mantemento adecuado de instalacións e dotacións, promovendo o seu uso permanente.

- Organización dos recursos no almacén a través dun inventario.
- Organización de aulas e corredores.
- Plan de usos de espazos e recursos. Recollida, uso e depósito.
- Mantemento e mellora do edificio.

**ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN.** Neste ámbito debese prestar atención especial a algunhas accións prioritarias, recollidas no Plan Anual de Comunicación:

- Política de comunicación interna e externa.
- Coordinación dirección / departamentos / servizos.
- Organización da secretaría e da conserxería...
- Comunicación co alumnado a través da Xunta de delegados e delegadas e da Delegación de alumnado, mantendo reunións periódicas.

**ACTIVIDADES ESAD.** Moitas das actividades que realizamos na ESAD derivan de convenios con institucións e organismos diversos. A Escola debe potenciar esas liñas de traballo porque se dunha banda lle fornecen recursos importantes, da outra concédennlle unha enorme visibilidade. Ao mesmo tempo, con estas actividades a ESAD amplía o número de usuarios potenciais e logra unha maior implantación en todo o territorio da comunidade. Se ben o plan de traballo se recolle no Plan Anual de Actividades, para este curso imos prestar especial atención ás que se sinalan, sempre en función da evolución da pandemia:

- Mostras de traballos de alumnado, en función da evolución da pandemia.
- Día Mundial do Teatro.
- Colaboración con entidades como CDG, AGADIC, AAAG, Museo de Pontevedra e outras, para proxectos concretos.
- Proxecto Nós.
- Conmemoracións diversas ao longo do ano.
- Colaboración co EAV para a realización de proxectos conxuntos favorecendo un marco constante de colaboración dende este curso.

**CALIDADE.** Continuación dos traballos programados atendendo as indicacións de ACSUG.

**INVESTIGACIÓN.** Dar cumprimento ao establecido na lexislación vixente (RD 630/2010) a través das seguintes medidas:

- Deseño dun Máster específico e propio do centro.
- Dar visibilidade a produción científica do persoal docente da Escola.



**FORMACIÓN EN CENTROS.** A Escola solicitará un PFP para a implantación da docencia en rede (uso do XADE)

### CRITERIOS PEDAGÓXICOS HORARIOS CURSO 2022/2023

#### Aspectos xerais

Para a elaboración destes criterios tivéronse en conta os seguintes documentos:

☒ Normativa xeral de aplicación: Leis Xerais, Reais Decretos, Decretos, Ordes, Instrucións Circulares, Outros.

☒ Circular 18/2006, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para a organización e o funcionamento da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Nesta circular destácase o seguinte:

PUNTO 3. Horarios do alumnado:

Para a elaboración dos horarios do alumnado teranse en conta, ademais dos criterios de carácter pedagóxico que poida establecer o claustro, os seguintes aspectos:

a) A distribución das materias en cada xornada e ao longo da semana realizaranse atendendo a razóns exclusivamente pedagóxicas.

b) En ningún caso as preferencias horarias do profesorado nin o seu dereito á elección recollido nestas instrucións, poden obstaculizar a aplicación dos criterios expostos nin os establecidos polo claustro, de ser o caso.

☒ Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

☒ Calendario Escolar (*ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*).

☒ Datos de matriculación do curso 2023/2024.

☒ Memorias, informes e achegas dos diferentes órganos e axentes da comunidade educativa do curso 2021/2022.

#### Criterios específicos do curso 2023/2024

☒ Elaborar os horarios de centro en base a dous criterios pedagóxicos básicos do centro (en orde de importancia):

1. Establecer uns horarios que propicien os encontros entre as distintas especialidades no mesmo nivel (1º, 2º, 3º e 4º) para favorecer os exercicios comúns, actividades concretas ou integracións entre as disciplinas troncais –ou semellantes– das especialidades dentro das posibilidades reais do centro: *persoal, infraestruturas e recursos*. O obxectivo é ir desenvolvendo o traballo común entre especialidades dun xeito sistemático e progresivo ata chegar aos obradoiros integrados de 4º.

2. Non introducir disciplinas teóricas no medio das disciplinas prácticas.

☒ Recoller e implementar, na medida do posible, as peticións pedagóxicas elaboradas polos departamentos didácticos da ESAD de Galicia na elaboración dos horarios do curso 2022-23 e que non imposibiliten o punto anterior.





## Horario xeral do Centro

### Horario de atención ao público

O horario xeral de apertura do centro no período lectivo vai dende as 8:00 da mañá ata as 21:00 horas de maneira ininterrompida.

Tamén de maneira continua o persoal da conserxería presta atención pública namentres o centro permanece aberto.

A secretaría do centro ten un horario de atención o público entre as 9:00 ata as 13:30 horas.

### Horario lectivo

Dende as 08:30 ata 21:00 horas

### Vacacions

Nadal, Entroido e Semana Santa o centro permanecerá pechado.